



## AO CONCELLO DA CORUÑA (ALCALDÍA)

D.<sup>a</sup> MARÍA GARCÍA GÓMEZ, maior de idade, con DNI 46.907.270-N, actuando no seu propio nome e como voceira do Grupo Municipal MAREA ATLÁNTICA, con CIF V-70462460, e con enderezo a efectos de notificacións na Praza de María Pita s/n, local do grupo municipal de Marea Atlántica (A Coruña), comparezo e digo:

Que por medio do presente escrito e na representación invocada interpoño **RECURSO DE REPOSICIÓN** ao abeiro do establecido nos artigos 52 da Lei de Bases de Réxime Local e 123 e seguintes da Lei 39/2015 de 1 de outubro, contra o Decreto da Alcaldía número 5749/2020 de 1 de setembro do ano que andamos, publicado no BOP número 148 de 9 de setembro do mesmo ano, e contra o Decreto da Alcaldía número 5801/2020 anotado no Libro de resolucións da Alcaldía en data 4 de setembro de 2020, por consideralos contrarios a dereito, con base nos seguintes

### FEITOS:

PRIMEIRO.- Por Decreto da Alcaldía número 5749/2020 de data 1 de setembro do ano que andamos, publicado no BOP en data 9 de setembro do mesmo ano (número 148), acórdase nomear membro da Xunta do Goberno Local á concelleira D.<sup>a</sup> Mónica Martínez Lema, nomeándoa titular da Concellaría de Deportes, delegándolle funcións executivas e administrativas na área de acción política municipal.

Por Decreto da Alcaldía Presidencia número 5801/2020, anotado no Libro de Resolucións da Alcaldía en data 4 de setembro de 2020, resólvese retribuír á Concelleira citada en réxime de dedicación exclusiva como responsable da área de goberno de


deportes, coa cantidade de cincuenta e nove mil cincocentos e dous euros e setenta e catro céntimos (59.582,74€) brutos anuais, a aboar en catorce mensualidades, incorporando a percepción de trienios que teña recoñecidos na administración de orixe para o caso de ter a condición de funcionaria ou empregada pública.

SEGUNDO.- O nomeamento de D.<sup>a</sup> Mónica Martínez Lema é nulo ao contravir o disposto no artigo 73.3 da Lei de Bases de Réxime Local que establece que os dereitos económicos e políticos dos membros non adscritos non poderán ser superiores aos que lles terían correspondido de permanecer no grupo de procedencia, e se exercerán na forma que determine o regulamento orgánico de cada corporación, todo iso por canto:

-D.<sup>a</sup> Mónica Martínez Lema foi elexida Concelleira por Ciudadanos-Partido da Cidadanía nas eleccións municipais de 26 de maio do ano 2019, formando o Grupo Mixto Ciudadanos- Partido da Cidadanía.

-Por Decreto de 15 xullo do ano 2019 a Alcaldesa resolveu que D.<sup>a</sup> Mónica Martínez Lema desempeñaría o seu cargo en réxime de dedicación parcial cun mínimo de seis horas por xornada laboral cunha retribución de coarenta e catro mil seiscentos oitenta e sete euros con cinco céntimos (44.687,05€) brutos anuais a aboar en catorce mensualidades.

-O día 1 de xuño do ano 2020 D.<sup>a</sup> Mónica Martínez Lema anunciou a súa baixa en Ciudadanos-Partido da Cidadanía. A baixa voluntaria da mesma no partido político polo que se presentou ás eleccións e co que se corresponde o grupo municipal mixto (GRUPO MIXTO CIUDADANOS-PARTIDO DA CIUDADANÍA) ten como consecuencia indiscutible a extinción do grupo mixto por ser D.<sup>a</sup> Mónica a única integrante do mesmo, en aplicación do disposto no artigo 14 do ROM da Coruña, que indica que os grupos municipais se corresponderán con partidos políticos, federacións, coalicións ou agrupacións que obtiveran postos na Corporación. A súa vez o artigo 15 do mesmo ROM establece que no suposto de que non existise





grupo mixto, éste quedará constituído polo MEMBRO DO PARTIDO POLÍTICO, federación, coalición o agrupación que obtivera un sólo escano. Como xa deixamos indicado D.<sup>a</sup> Mónica Martínez Lema non pertence xa ao partido político cidadanos, por ter causado baixa voluntaria.

-En virtude do anteriormente exposto, e como consecuencia do abandono da formación política pola que se presentou ao cargo, D.<sup>a</sup> Mónica Martínez Lema adquiriu a condición de concelleira non adscrita.


-Na súa condición de concelleira non adscrita os dereitos económicos e políticos de D.<sup>a</sup> Mónica Martínez Lema non poderían ser superiores aos que lle correspondían de permanecer no seu grupo de procedencia, tal e como establece o artigo 73.3 da Lei de Bases de Réxime Local.

Polo tanto, son nulos todos aqueles acordos que atribúen a D.<sup>a</sup> Mónica Martínez Lema cargos máis representativos, novas delegacións, dedicación exclusiva e maiores retribucións (tal e como establecen os Decretos 5749/2020 e 5801/2020) e, en consecuencia, deben ser deixados sen efecto.

Dita nulidade conleva como consecuencia necesaria a devolución das retribucións percibidas por D.<sup>a</sup> Mónica Martínez Lema na coantía que exceda dos dereitos económicos que viña disfrutando con anterioridade.

TERCEIRO.- Igualmente como consecuencia de todo o exposto o GRUPO MIXTO CIUDADANOS-PARTIDO DA CIUDADANÍA deberá reintegrar ás arcas municipais as asignacións indebidamente percibidas por dito grupo dende a data en que debeu quedar disolto ou extinguido ao quedar sen representación no Concello a formación política Cidadanos, o que se deixa exposto aos efectos legais oportunos.

por todo o cal



SOLICITA: Que tendo por presentado este escrito, cos documentos que se achegan, o admita, tendo por formulado en tempo e forma RECURSO DE REPOSICIÓN contra os Decretos 5749/2020 e 5801/2020 da Alcaldía Presidencia do Concello da Coruña, e tras os trámites legais oportunos, acorde:

1º) Declarar a NULIDADE DO DECRETO 5749/2020 da Alcaldía Presidencia do Concello da Coruña, de 1 de setembro de 2020, deixando o mesmo sen efecto nos seguintes apartados:

Apartado polo que se resolve nomear membro da Xunta de Goberno Local a D.<sup>a</sup> Mónica Martínez Lema.

Apartado polo que se establecen as Areas de Goberno correspondentes á organización e estrutura da Administración municipal, nomeando como responsable do Área de Goberno de Deportes a D.<sup>a</sup> Mónica Martínez Lema.

2º) Declarar a NULIDADE DO DECRETO 5801/2020 da Alcaldía Presidencia do Concello da Coruña, deixando o mesmo sen efecto en todo o seu contido.

3º) Acordar que D.<sup>a</sup> Mónica Martínez Lema deberá reintegrar ás arcas municipais as retribucións indebidamente percibidas por aplicación do Decreto 5801/2020 declarado nulo, consistentes nas diferencias entre a retribución percibida en virtude do Decreto e a que lle correspondía antes do mesmo, todo elo cos xuros que legalmente procedan dende a súa percepción.

4º) Con todas as demais consecuencias que en dereito procedan.

A Coruña a 30 de setembro de 2020.

ASDO:

MARIA GARCIA GOMEZ

